

**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán


Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

BASES POLAS QUE SE REXERÁ A POXA PARA A CONCESIÓN DE VARIOS POSTOS FIXOS NA PRAZA DE ABASTOS DE VILANOVA DE AROUSA.





**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

DILIXENCIA.- Se estende para facer constar que as presentes Bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20 de setembro de 2018.

O Secretario Xeral.

Javier Bouzada Romero

BASES POLAS QUE SE REXERÁ A POXA PARA A CONCESIÓN DE VARIOS POSTOS FIXOS NA PRAZA DE ABASTOS DE VILANOVA DE AROUSA.

Atopándose varios postos de venda fixos na Praza de Abastos de Vilanova, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, de conformidade co establecido no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e Terreos Anexos, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2003 (BOP nº 68, do 8 de abril de 2003), acordou a abrir o proceso de adxudicación da súa concesión conforme ás seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA POXA.-

Será obxecto da poxa a concesión administrativa dos postos fixos da Praza de Abastos de Vilanova de Arousa que se relacionan no Anexo das presentes Bases.

SEGUNDA.- OBXECTO DA CONCESIÓN.-

Será obxecto de concesión administrativa a utilización, con carácter privativo polos adxudicatarios, de ditos postos fixos para a súa explotación mediante a venda ao público de produtos de comercio diverso nos termos previstos no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e Terreos Anexos.

TERCEIRA.- SISTEMA DE POXA.-

De conformidade co establecido no artigo 7 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e Terreos Anexos, os postos adxudicaranse por medio de subasta a través do sistema de poxas en directo.



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

CUARTA.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.-

A concesión administrativa obxecto da presente poxa terá unha duración de DEZ (10) ANOS contados a partir da data de adxudicación definitiva pola Xunta de Goberno Local.

Para as posibles prórrogas da mesma estarase ao disposto no artigo 10 de dito Regulamento. En todo caso, para que se conceda polo órgano competente do concello unha prórroga da concesión, o concesionario virá obrigado a satisfacer previamente e dunha sola vez o importe do tipo de adxudicación dos posto incrementado ou diminuído en función da variación experimentada polo IPC acumulado dos dez anos anteriores.

QUINTA.- PREZO- TIPO DE SAÍDA.-

O prezo tipo de saída na poxa ascende á contía que se especifica para cada un dos postos no Anexo I destas Bases e deberá ser abonado polo adxudicatario/a provisional do posto entro do prazo que se lle indique trala celebración da poxa e antes da adxudicación definitiva do mesmo pola Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- PREZOS PÚBLICOS POR OCUPACIÓN.-

O adxudicatario virá obrigado a abonar mensualmente ao Concello o prezo público por ocupación, segundo a tarifa vixente establecida na Ordenanza Reguladora da Taxa por Servizos de Matadoiros, Lonxas e Mercados aprobada polo Pleno o día 20 de outubro de 1998 (BOP nº 249, do 30 de decembro de 1998).

SÉTIMA.- PARTICIPANTES NA SUBHASTA.-


7.1.As persoas que desexen participar na poxa deberán presentar **antes das 14,00 horas do día 26 de outubro de 2018** no Rexistro Xeral do concello, ben directamente ou ben a través dos medios admitidos na lexislación de procedemento administrativo, a seguinte documentación.

a) Instancia conforme ao modelo do Anexo II destas Bases.

b) A dita instancia engadirase a seguinte documentación:

b.1. Fotocopia do DNI.

b.2 . Declaración responsable conforme ao modelo do Anexo III destas Bases.



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

7.2. Por aplicación do establecido no artigo 5 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e Terreos Anexos aprobado polo Pleno o 25 de febreiro de 2003 (BOP nº 68 do 8 de abril de 2003), deberán absterse de participar na poxa dun posto concreto aquelas persoas que xa foran adxudicatarias actualmente doutros postos ou bancadas interiores na Praza de Abastos.

Solo no suposto de que un posto quede vacante porque ninguén puxe por el, poderán participar na poxa polo mesmo aqueles que na actualidade xa sexan adxudicatarios dun ou de varios postos ou bancadas interiores da Praza de Abastos. Do mesmo modo, quen non fose adxudicatario dun posto e, na presente poxa, se lle adxudique un, tampouco poderá participar na dos postos seguintes, salvo que tamén quedaran vacantes.

Estas adxudicacións de postos vacantes realizaranse nunha poxa que se celebrará dentro dos tres días hábiles seguintes á realización da primeira, no mesmo lugar e hora de comezo sen necesidade de convocatoria expresa da mesma e pola orde que decida a Mesa de Contratación.

OITAVA.- CELEBRACIÓN DE POXA.-

A poxa terá lugar no día, lugar e hora que se fixe pola Alcaldía, mediante a publicación do correspondente anuncio na páxina web www.vilanovadearousa.com, dentro do portal "perfil do contratante", cunha antelación de cinco días hábiles á súa celebración.

A subasta celebrarase polo sistema de poxas en directo, polo tempo e cos tramos mínimos de contías a mellorar en cada poxa que no mesmo acto se fixen pola Mesa de Contratación que será presidida polo Secretario Xeral da Corporación e da que formará parte o persoal funcionario de carreira ou laboral fixo do concello que designe a Alcaldía.

Á celebración da poxa solo poderán acudir os licitadores e os membros da Mesa de Contratación. A partir do tipo de saída da poxa a Mesa de Contratación decidirá a contía dos tramos nos que os licitadores poderán subir de viva voz as súas ofertas. En todo caso a contía mínima dos ditos tramos será de 100,00 euros.

A orde pola que se subastarán os postos será a establecida no Anexo das presentes bases.

NOVENA.- DEREITO DE TANTEO.-

De conformidade co disposto no inciso final do artigo 10 do vixente Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e Terreos Anexos, os actuais adxudicatarios dos postos que se inclúen nesta subasta relacionados no Anexo



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

| | | |
|-------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| Praza do Concello, nº 1 36620 Vilanova de Arousa Pontevedra | registro.xeral@vilanovadearousa.com www.vilanovadearousa.com | Tfnos.: 986 554 021 986 554 082 986 555 102 Fax: 986 554 069 |
|-------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|

As destas Bases poderán exercer o dereito de tanteo unha vez rematada a poxa do seu posto. En todo caso, para exercer o dito dereito de tanteo estarán obrigados a presentar a instancia nos termos previstos na Base 7.1. e, de seren os adxudicatarios do posto, quedarán obrigados a presentar a mesma documentación esixida para o resto dos adxudicatarios provisionais unha vez celebrada a poxa e antes da adxudicación do posto polo órgano competente.

DÉCIMA.- PREZO DE REMATE.-

O prezo de remate será fixado no mesmo acto da poxa a favor da persoa física que resulte adxudicataria, levantándose a correspondente acta que, con todo o expediente tramitado, se remitirá á Xunta de Goberno Local.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.-

Celebrada a poxa se requirirá aos adxudicatarios provisionais dos postos para que no prazo dos 15 días naturais a contar dende a notificación presenten escrito no Rexistro Xeral do concello a seguinte documentación:

a) Manifestación do tipo de comercio á que vai dedicar o posto ou postos adxudicados, debendo respectarse o establecido no apartado 4 do Regulamento ou, de se-lo caso, xustificar e solicitar da Xunta de Goberno Local autorización para a dedicar o posto a outro destino.

b) Xustificación de ter aboado o prezo de remate do posto adxudicado mediante o seu ingreso na conta corrente do concello co IBAN ES81-2080-5070-7430-4000-5309.

c) Xustificante de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias con:

c.1. Co concello de Vilanova de Arousa mediante a presentación dun certificado expedido polo ORAL.

c.2. Axencia Tributaria do Estado.

c.3. Administración da Xunta de Galicia.

c.4. Tesourería Xeral da Seguridade Social.

d) Fotocopia compulsada documento acreditativo de estar dado de alta como traballador/a autónomo/a.

e) No caso de que o posto se dedique á venda de alimentos, fotocopia compulsada do carné de manipulador de alimentos.

Unha vez comprobados polos servizos municipais o cumprimento do anterior, adoptarase acordo de adxudicación definitiva pola Xunta de Goberno



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Local no que se fixará a data na que cada adxudicatario poderá comezar a súa actividade, notificándose a cada un deles.

DÉCIMO SEGUNDA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Os adxudicatarios dos postos quedaran suxeitos ás prescricións de dito Regulamento do Mercado Municipal de Abastos en orde ao funcionamento, dereitos, deberes e responsabilidades.

En todo o non previsto nas presentes Bases, estarase ao disposto na lexislación de réxime local, así como a que resulte de aplicación en materia de contratación administrativa, fiscal, orde social e laboral, mercantil e outra normativa de obrigado cumprimento.

DECIMO TERCEIRA.- APROBACIÓN DAS BASES.-

As presentes Bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20 e setembro de 2018.

Vilanova de Arousa a 28 de setembro de 2018.

O ALCALDE



GONZALO DURÁN HERMIDA



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

ANEXO I

**POSTOS FIXOS DA PRAZA DE ABASTOS QUE SE INCLÚEN NA
SUBASTA.**

| POSTO FIXO | ACTUAL ADXUDICATARIO QUE PODE EXERCITAR O DEREITO DE TANTEO | PREZO TIPO DE SAÍDA NA POXA | SUPERFICIE |
|-----------------------|----------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| 1 | Mª ELISA PÉREZ SANTOS | 4.800,00 | 30,00 |
| 2 A | PASTORA PÉREZ SANTOS | 1.800,00 | 6,75 |
| 5 | MARINA MARTÍNEZ REBOEIRAS | 4.200,00 | 22,50 |
| 7-12-13 | MIGUEL ÁNGEL FDEZ. PADÍN | 9.600,00 | 55,50 |
| 10 | ISABEL PAZ GESTOSO | 6.000,00 | 25,00 |
| 17 | JESÚS TORRADO LÓPEZ | 4.800,00 | 18,00 |
| 19 | ROBERTO PAZ JUEGUEN | 4.800,00 | 18,00 |
| 20 | PRADELINA ALONSO CADENAS | 4.200,00 | 21,70 |
| 27 | MANUEL VARELA DOMÍNGUEZ | 2.400,00 | 14,50 |
| 29 | LUIS PORTAS BAÚLDE | 4.200,00 | 21,50 |

Nota.- Os postos 7, 12 e 13 se subastarán conxuntamente como si fora un único posto.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

| | | |
|-------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| Praza do Concello, nº 1 36620 Vilanova de Arousa Pontevedra | registro.xeral@vilanovadearousa.com www.vilanovadearousa.com | Tfnos.: 986 554 021 986 554 082 986 555 102 Fax: 986 554 069 |
|-------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|

**ANEXO II
(MODELO DE INSTANCIA)**

D./D.^a con domicilio ene D.N.I. n.º:
....., correo electrónico.....
actuando en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, co obxecto
de participar na **SUBASTA DE POSTOS FIXOS DA PRAZA DE ABASTOS DE
VILANOVA DE AROUSA,**

SOLICITO

Ser admitido para participar na SUBASTA na que se adxudicará o
seguinte posto fixo da Praza de Abastos de Vilanova de Arousa:

Número do posto fixo..... (sinale solamente un dos
relacionados no ANEXO I)

Declaro (Marque cun "x" o que corresponda)


Non ser adxudicatario na actualidade dun posto na Praza de
Abastos de Vilanova de Arousa.

Ser adxudicatario na actualidade do dito posto fixo.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
VILANOVA DE AROUSA



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearouisa.com
www.vilanovadearouisa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

ANEXO III

Modelo de **DECLARACIÓN RESPONSABLE** a xuntar a instancia (Base 7.1.)

D./D.^a con domicilio ene D.N.I. n.º:
....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de
obrar, co obxecto de participar na **SUBASTA DE POSTOS FIXOS DA PRAZA
DE ABASTOS DE VILANOVA DE AROUSA**, declaro baixo a miña
responsabilidade:

Primeiro.- Que reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder participar na dita subasta e que ten plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar coa Administración Pública enumeradas no artigo 70 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 3/2015, do 30 de marzo reguladora do exercicio de alto cargo da Administración xeral do Estado ou as respectivas normas das Comunidades Autónomas, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

Terceiro.- Que autorizo ao órgano de contratación a obter os datos que obren en poder doutras Administracións que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Cuarto.- Que declara coñecer integramente as Bases que rexen a adjudicación de postos fixos da Praza de Abastos de Vilanova de Arousa aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 20 de setembro de 2018, e que as acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor/a das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Quinto.- Así mesmo me comprometo expresamente, en caso de ser adjudicatario provisional dun posto, a aportar ao concello no prazo indicado a documentación reflectida na Base décimo primeira (11^a).

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)